



CERCLE ARTÍSTIC

Plaça des Born, 19  
CIUTADELLA DE MENORCA  
[www.cercleartistic.com](http://www.cercleartistic.com)



# XXXII PREMI BORN DE TEATRE 2007

**C** CONVOCATORIA

## PATROCINA



FUNDACIÓ RUBIÓ TUDURÍ  
ANDRÓMACO  
ILLA DE MENORCA



AJUNTAMENT DE CIUTADELLA DE MENORCA

*Fundación*  
**SA NOSTRA**



CONSELL INSULAR DE MENORCA  
[www.cime.es](http://www.cime.es)



**GOVERN DE LES ILLES BALEAR**  
Conselleria d'Educació i Cultura  
Direcció General de Cultura



**Vicepresidència  
Govern de les Illes Balears**

## COL·LABORA



DESTILERIAS  
**XORIGUER**

O CERCLE ARTÍSTIC, Sociedade Cultural de Ciutadella de Menorca, co patrocinio da FUNDACIÓ RUBIÓ I TUDURÍ ANDRÓMACO; do EXCELENTE CONCELLO DE CIUTADELLA DE MENORCA; da FUNDACIÓ "SA NOSTRA"; do CONSELL INSULAR DE MENORCA; do MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y CULTURA, IBATUR e do GOVERN DE LES ILLES BALEARS, convoca o XXXII PREMI BORN DE TEATRE que se rexerá polas seguintes

## BASES

1º O CERCLE ARTÍSTIC convoca o PREMI BORN DE TEATRE 2007. Os orixinais poderán presentarse escritos en calquera das dúas linguas da Comunidade Autónoma das Illas Baleares.

2º O premio único está dotado con 18.500 € e mais a edición da obra.

3º Os autores e autoras poderán participar con cantas obras desexen, sempre que non fosen publicadas nin representadas nin premiadas antes e durante o proceso de selección e até o momento do fallo do xurado. Tampouco poderán ser presentadas simultaneamente a outro concurso.

4º Admitíranse traballos feitos en colaboración.

5º Os autores e autoras presentarán a obra baixo lema. Os seus datos persoais (nome e apelidos, endereço, teléfono de contacto, correo electrónico) consignaranse nunha plica pechada, coa indicación de PREMI BORN 2007 no sobre.

6º O CERCLE ARTÍSTIC nomeará oportunamente un xurado competente en cantas decisións tome de acordo con estas bases. O premio poderá declararse deserto por criterio do xurado.

7º O autor ou autora da obra premiada renuncia aos dereitos de autor da primeira edición, sen prexuízo de lle ser recoñecida a propiedade intelectual da súa obra. Concederánsele cincuenta exemplares.

8º A obra gañadora poderá ser traducida para a súa publicación do castelán ao catalán ou viceversa por encarga do CERCLE ARTÍSTIC e do castelán ou catalán ao galego.

9º O CERCLE ARTÍSTIC procurará contribuir á posta en escena da obra gañadora. Entenderase que o autor ou autora da obra premiada autoriza ao CERCLE ARTÍSTIC de Ciutadella a montaxe e estrea da devandita obra para que nun prazo de tres anos poida representarse nas Illas Baleares cantas veces a Sociedade así o crea conveniente.

10º O autor ou autora comprométense a que, en todas as montaxes (cine, televisión, teatro, etc.) e edicións que se leven a cabo da obra gañadora –así como en carteis e anuncios, se procede–, se fará constar de maneira visíbel a mención expresa PREMI BORN DE TEATRE 2007 e que esta mención terá que figurar igualmente de maneira destacada na publicidade que se faga por calquera medio.

11º Os orixinais presentaranse por quintuplicado, coa indicación PREMI BORN 2007 na portada da obra e no sobre. Opcionalmente pode achegarse unha copia en formato electrónico. Dirixiranse a:

Secretaría do CERCLE ARTÍSTIC

PREMI BORN 2007

Plaça des Born, 19 07760 Ciutadella de Menorca

Illes Balears

Teléfono-Fax 971 38 57 53

12º Os autores ou autoras dos orixinais non premiados poderán solicitar no prazo máximo dun mes a partir da data da comunicación do veredicto, a devolución de catro dos exemplares presentados. Pasado este prazo, os exemplares non reclamados serán destruídos, sen opción a reclamación ningunha neste sentido.

13º O prazo de admisión rematará o 31 de xullo de 2007. Para as obras enviadas por correo, contará a data do carimbo. O premio farase público o día 24 de novembro de 2007.

14º A presentación dos orixinais ao PREMI BORN DE TEATRE supón a plena aceptación destas bases. A entidade organizadora queda facultada para resolver calquera cuestión non prevista nestas bases.

Ciutadella de Menorca, abril 2007

Vº Bº, a Presidenta  
Esperanza Pons Mesquida

Secretaria Premi Born de Teatre  
Fátima Anglada Ametller